



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación e Cultura
Expediente convocatoria : 2024000010344
Expediente relacionado: 2024000018081

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN 53437/2024 POLA QUE SE ADXUDICA A BOLSA DE INVESTIGACIÓN DO ANO 2024 ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS, XURÍDICAS E ESTUDOS DE XÉNERO A ÓSCAR PÁRAMO TELLE

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

RESOLVO:

Modificar a resolución da Presidencia número 53437 de 23 de decembro de 2024 relativa á pola adxudicación da bolsa de investigación do ano 2024 área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero a Óscar Páramo Telle.

A modificación efectuarase no senso seguinte:

Onde di:

220240060299

Debe dicir:

220250013636

Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:

A resolución número 40642 do 10 de outubro de 2024 aprobou a concesión definitiva das bolsas investigación 2024 da área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero.

Na área de artes e humanidades quedaron desertas dúas bolsas, acordándose a transferencia dunha delas a área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero, polo que propónse a adxudicación da bolsa deserta ao primeiro suplente Oscar Páramo Telle.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Conceder a bolsa á seguinte persoa

Títular da bolsa: ÓSCAR PÁRAMO TELLE

NIF: ***8974**

Expediente: 2024000018081

Obxecto da bolsa: A xeración de residuos municipais nos concellos da Coruña. Factores socioeconómicos chave para garantir a súa redución Importe da bolsa: 10.000 €

Segundo.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, contabilizando a adxudicación definitiva da bolsa a nome de Óscar Páramo Telle. O gasto imputarase ao documento contable "RC" número de operación 220250013636 por importe de 10.000,00 €.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.